

PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS



INDICE

INFORMACIÓN AS A.N.P.A.S E FAMILIAS

PLAN DE CONTINXENCIA DA COVID-19 DA

EMPRESA OLLOS ABERTOS S.C.....	3
1.- INTRODUCCIÓN.....	5
2.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN PERSOAL E LIMITACIÓN DE CONTACTOS.....	5
2.1.- MEDIDAS XERAIS.....	6
2.2.- MEDIDAS REFERIDAS AO PERSOAL.....	6
2.3.- MEDIDAS REFERIDAS AO ALUMNADO USUARIO DOS SERVIZOS.....	6
3.- MEDIDAS DE HIXIENE RELATIVAS AOS LOCAIS, ESPAZOS E MATERIALES.....	8
3.1.- MEDIDAS RELATIVAS AOS LOCAIS, ESPAZOS E MATERIAS.....	8
3.2.- MEDIDAS PARA A LIMITACIÓN DE CONTACTOS.....	8
4.- ACTUACIÓN ANTE SOPEITA DE CASOS.....	9
ANEXO 1.....	10
ANEXO 2.....	11
ANEXO 3.....	12

INFORMACIÓN A A.N.P.A.S E FAMILIAS

PLAN DE CONTINXENCIA DA COVID 19 NOS CENTROS EDUCATIVOS

A nosa empresa dispón dun plan de continxencia da Covid 19 para o desenvolvemento da aula matinal, aula vespertina e das actividades extraescolares nos centros educativos nos que traballa, e ademais segue en todo momento as indicacións e recomendacións que recibe do propio centro educativo.

As familias e o alumnado deberán de seguir en todo momento as indicacións e recomendacións que se indican neste documento, así como as que reciban do centro educativo: desta maneira conseguiremos que as actividades extraescolares e os servizos de aula matinal e vespertina se desenvolvan de forma saudable e segura contra a COVID-19. É fundamental que as familias conciencien aos seus fillos de que deben seguir en todo momento as indicacións que se lles dean; pola nosa banda lembraránselles constantemente e converteranse dalgún modo nunha rutina asimilada.

1. Entre as medidas xerais máis importantes atópanse: a hixiene frecuente das mans como a medida principal de prevención e control da infección; a hixiene respiratoria, cubríndose o nariz e a boca cun pano ao tusir e esberrar, e refugalo a un caldeiro con bolsa interior; evitar tocarse os ollos, o nariz ou a boca coas mans. E por suposto manter o distanciamento físico de 1,5 metros en todo momento, e cando non se poida, utilizar sempre a máscara. É moi importante que o alumnado interiorice estes hábitos.
2. O alumnado non poderá acudir á aula matinal, aula vespertina e actividades extraescolares no caso de que estean en illamento domiciliario por ter diagnóstico da COVID-19 ou ter algún dos síntomas compatibles coa COVID-19; tampouco poderán incorporarse en caso de que, aínda non tendo síntomas, atópense en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19. Se se dese algún destes casos as familias deberán comunicarnos inmediatamente esta circunstancia para que, en coordinación co centro educativo, se tomen as medidas oportunas.
3. O alumnado deberá lavarse as mans con auga e xabón abundante ou ben utilizar os xeles hidroalcohólicos antes e despois da actividade, ou cando o precise. Esta será a actividade a realizar cada xornada antes de incorporarse á aula matinal, aula vespertina ou actividade extraescolar, e tamén tras finalizala; e farase sempre dunha forma responsable e á vez lúdica e educativa co alumnado.
4. O uso da máscara será obrigatorio para todo o alumnado a partir de 1º de Primaria na aula matinal, aula vespertina ou actividades extraescolares, aínda cando se poida manter a distancia de seguridade. No caso das actividades deportivas ou xogos ao aire libre seguiremos neste sentido o protocolo que o centro educativo nos indique. Por

suposto a máscara será obrigatoria para todo o alumnado nos tempos de espera, cando se dirixan á clase ou á finalización da mesma.

5. Non se admitirá o acceso das familias, persoas titoras ou autorizadas ao centro educativo, salvo caso de necesidade. As entregas e recollidas do alumnado organizaranse coas persoas monitoras/profesorado, para evitar o acceso ao centro educativo das familias seguindo as indicacións que cada centro educativo teña contemplado no seu protocolo.

PLAN DE CONTINXENCIA DA COVID 19 POR PARTE DE OLLOS ABERTOS S.C. NO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E OUTROS SERVIZOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

INFÓRMASE QUE ESTE DOCUMENTO ESTÁ CONSTANTEMENTE EN FASE DE REVISIÓN PARA A ADECUACIÓN DAS MEDIDAS E INSTRUCCIÓN QUE DEBAN APLICARSE EN CADA MOMENTO, SEGUNDO O QUE ESTABLEZAN AS AUTORIDADES EDUCATIVAS E SANITARIAS PARA O ÁMBITO ESCOLAR

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo principal deste plan é facer que o desenvolvemento das actividades extraescolares e outros servizos ofertados pola nosa empresa ao centro educativo se desenvolvan en contornas saudables e seguras contra a COVID-19 así tamén como facer posible a detección precoz de posibles casos.

Para iso, traballarase en catro principios básicos: medidas de prevención persoal, limitación de contactos, limpeza e ventilación de espazos e xestión de casos. Loxicamente estes catro principios irán acompañados de dous aspectos básicos que son a información e formación tanto do persoal como do alumnado participante nos servizos que prestamos ao centro educativo e aos seus familiares e que levarán a cabo antes do comezo dos nosos servizos e lembrados a estes colectivos de forma sistemática e puntual no tempo.

2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN PERSOAL E PARA A LIMITACIÓN DE CONTACTOS

2.1. MEDIDAS XERAIS

Todo o persoal será informado e formado antes de incorporarse ao seu traballo, polo noso servizo de prevención de riscos laborais, de todas as medidas e precaucións que deberán de tomar no seu traballo, así como dos medios de protección que se lles faciliten e como utilízalos. Esta información seralles lembrada sistematicamente de forma mensual para evitar que caian nunha posible relaxación. Igualmente, todo o alumnado e as súas familias serán informados puntualmente e dita información lembrada. Entre as medidas xerais máis importantes atópanse: a hixiene frecuente das mans como a medida principal de prevención e control da infección; a hixiene respiratoria, cubríndose o nariz e a boca cun pano ao tusir e esberrar e refugalo ao caldeiro con bolsa interior; evitar tocarse os ollos, o nariz ou a boca coas mans. E por suposto manter o distanciamento físico de 1,5 metros en todo momento, e cando non se poida, utilizar sempre a máscara.

2.2. MEDIDAS REFERIDAS AO PERSOAL

- Todo o persoal será informado e formado antes de incorporarse ao seu posto de traballo polo noso servizo de prevención de riscos laborais de todas as medidas e precaucións que deberán de tomar no seu traballo, así como dos medios de protección que se lles faciliten e como utilízalos. Esta información seralles lembrada sistematicamente de forma mensual para evitar que caian nunha posible relaxación.
- Todo o persoal será informado de que non poderá incorporarse aos seus postos de traballo no caso de que estean en illamento domiciliario por ter diagnóstico da COVID-19 ou ter algún dos síntomas compatibles coa COVID-19; tampouco poderán incorporarse en caso de, aínda non tendo síntomas, atoparse en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- A todas as nosas persoas traballadoras facilitaráselles máscara de protección que deberán utilizar sempre, aínda cando se poida garantir a distancia de seguridade de 1,5 m. Ademais, terán á súa disposición outros materiais de protección, por exemplo luvas, para o caso de que deban desenvolver actuacións concretas de contacto estreito de maior risco: aulas matinais, vespertinas ou actividades extraescolares.
- O noso persoal deberá ter acceso á entrada ao centro educativo a xeles hidroalcohólicos e aos servizos para que poidan lavarse as mans con auga e xabón.
- O material compartido por parte dos profesionais como bolígrafos, cadernos, lapis de cores ... serán individuais. Se non fose posible, garantirase a súa desinfección.
- Para a vestimenta do persoal traballador, informarase dos procedementos de lavado e desinfección a unha temperatura de máis de 60°C ou no seu caso, mediante ciclos de lavados longos.
- Para todas estas medidas establecerase unha formación específica ao persoal, así como as declaracións responsables da recepción dos medios e información co propósito de garantir estas medidas de seguridade.

2.3. MEDIDAS REFERIDAS AO ALUMNADO USUARIO DOS SERVIZOS

- A información referida ao alumnado e as súas familias atoparase publicada en lugar asignado nas aulas e colocarse nas carteleiras dos centros educativos. Ademais, remitirase por correo electrónico a todos os usuarios.
- O alumnado terá acceso aos xeles hidroalcohólicos á entrada do centro e nas aulas, asegurándose as persoas monitoras/profesorado de que os utilizan cada vez que entren ou saian das mesmas. Igualmente terán acceso aos servizos do centro para poder lavarse as mans con auga e xabón. Esta será a actividade a realizar cada xornada antes de incorporarse á actividade extraescolar e tras finalizala; e farase sempre dunha forma responsable e á vez lúdica e educativa co alumnado.

- As A.N.P.A.S dos centros educativos serán as responsables de asignar aulas ou espazos adecuados aos protocolos das medidas preventivas para a prevención da COVID-19, que permitan efectuar as actividades extraescolares e os servizos de aula e matinal co menor risco de contaxio da enfermidade da COVID-19.
- Dado que o tempo de actividade que desenvolvemos co alumnado na aula matinal, vespertina ou actividades extraescolares nunca é superior a 1 ou 1,5 h., vemos oportuna a obrigatoriedade da máscara por parte do alumnado desde 1º de Primaria, aínda cando se poida manter a distancia de seguridade de 1.5 m., excepto no desenvolvemento das actividades deportivas. Por suposto a máscara será obrigatoria para todo o alumnado nos tempos de espera, cando se dirixan á clase ou á finalización da mesma.
- Evitarase o uso compartido de materiais, e cando isto non sexa evitable (por exemplo, balóns ...), o material desinfectarase antes, durante e despois do seu uso.
- Para a redución ao mínimo do uso de útiles ou elementos comúns ou que poidan ser compartidos para o desenvolvemento das actividades de servizos complementarios, recomendarase que se achegue de forma individualizada polo alumnado, debéndoo traer en bolsas individuais e correctamente desinfectados da casa. No caso do servizo de aula matinal, o alumnado deberá traer o seu almorzo e os seus propios utensilios que vaian necesitar como vasos, pratos, cubertos ou colectores de alimentos. Unha vez terminado o almorzo deberán gardar nas súas mochilas devanditos utensilios (preferiblemente traer e gardar nunha bolsa que deberán poder pechar).
Recoméndase na medida das posibilidades que as bebidas veñan en envases dun só uso para logo refugalos na bolsa de refugallos. Non se permitirá ás familias que deixen alimentos para almacenar por parte dos monitores.

CADA MEMBRO DO ALUMNADO DEBERÁ TRAER DIARIAMENTE O ÚNICO QUE VAIA CONSUMIR. A EMPRESA OLLOS ABERTOS non se fará responsable se alguén deixa esquecido o seu almorzo.

- No caso de uso compartido doutro tipo de material, como por exemplo o material deportivo de uso colectivo, xa sexan pelotas, aros, conos... desinfectarase por parte da EMPRESA, seguindo as recomendacións de limpeza e desinfección propostas pola Consellería de Sanidade “Procedemento de Limpeza e Desinfección de superficies e espazos para a prevención do coronavirus na comunidade autónoma de Galicia”.

3. MEDIDAS DE HIXIENE RELATIVA AOS LOCAIS, ESPAZOS E MATERIAIS

3.1. MEDIDAS REFERENTES AOS LOCAIS E ESPAZOS UTILIZADOS E MATERIAIS

- A limpeza e desinfección dos locais e espazos utilizados por razóns obvias será realizada polo centro escolar. En calquera caso, a nosa empresa facilitará ao seu persoal no centro educativo material de limpeza para a desinfección antes e despois da actividade do material susceptible de ser compartido. No caso de actividades deportivas, por exemplo, balóns, aros... e no caso de actividades académicas que se desenvolvan en aulas, as mesas e cadeiras a utilizar polo alumnado e os pomos ou manivelas das portas. Tamén será desinfectado o inodoro cada vez que sexa usado.
- Tentarase, sempre que sexa posible, utilizar espazos exteriores para o desenvolvemento das actividades.
- No caso de uso de espazos interiores (aulas), estas serán ventiladas antes, durante e despois do seu uso, se as condicións meteorolóxicas o permiten.

3.2. MEDIDAS PARA A LIMITACIÓN DE CONTACTOS

- Sempre se procurará unha distancia de polo menos 1,5 metros en calquera interacción; se as condicións non o permiten será de uso obrigatorio a máscara.
- Todo o persoal de OLLOS ABERTOS S.C. levará en todo momento máscara, desde a entrada ao centro educativo ata a saída do mesmo.
- Organizarase un protocolo de entrada e saída do alumnado ao centro para evitar as aglomeracións, tentando realizar unha entrada e saída graduada por grupos. Neste sentido seguiranse en todo momento as indicacións e protocolos personalizados que o centro educativo nos facilite para a recollida do alumnado, tránsito desde o comedor ou actividades, recepción e entrega aos seus pais, nais, persoas titoras ou autorizadas.
- Non se admitirá o acceso das familias, persoas titoras ou autorizadas ao centro, salvo caso de necesidade.
- No caso da aula matinal ou aula vespertina tentarase sempre que sexa posible que se realice nun espazo aberto, e no caso de non ser posible, nun local que dispoña de suficiente espazo para manter a distancia de seguridade, autorizado pola A.N.P.A. e a dirección do centro educativo.
- Recoméndase ás familias a realización da enquisa clínica epidemiolóxica COVID-19 proporcionada no protocolo da Xunta de Galicia para centros educativos en relación con estas actividades.











4. ACTUACIONES ANTE SOSPEITA DE CASOS

COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN CO CENTRO EDUCATIVO

No caso de ter sospeita dalgún caso, comunicarase inmediatamente ao centro educativo e seguiranse as instrucións que nos facilite. A nosa empresa nomeará un responsable da COVID-19 (María Álvarez) que estará en contacto co responsable ou representante que o centro educativo e a A.N.P.A. asignen pola súa banda.

ANEXO I

Técnica de hixiene das mans con preparacións alcohólicas

		
<p>1 Depositar na palma da man unha dose de produto suficiente para cubrir todas as superficies a tratar.</p>	<p>2 Fregar as palmas das mans entre si</p>	<p>3 Estender o produto entre os dedos</p>
		
<p>4 Fregar as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados</p>	<p>5 Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos</p>	<p>6 Fregar cun movemente de rotación o polgar esquerdo atrapándoo coa palma da man dereita, e viceversa.</p>
		
<p>7 Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotación, e viceversa</p>	<p>8 Fregar cada pulso coa man oposta</p>	<p>9 Esperar ata que o produto se evapore e as mans estean secas (non use papel nin toallas)</p>
<p>10</p> 		
<p>Este proceso debe levar entre 20 e 30 seg.</p>		


Adaptado de NHS e World Health Organization. *Guidelines on Hand Hygiene in Health Care*

ANEXO 2

Técnica do lavado de mans con auga e xabón



Humedecer as mans



Aplicar suficiente xabón




Fregar palma sobre palma




Fregar palma sobre dorso cos dedos entrelazados e viceversa



Fregar palma sobre palma cos dedos entrelazados



Fregar o dorso dos dedos sobre a palma oposta



Fregar os polgares mediante un movemento rotatorio




Fregar as xemas dos dedos sobre a palma da man contraria cun movemento circular



Fregar cada pulso coa man oposta




Aclarar con auga



Pechar a billa co cúbado ou ben cunha toalla desbotable



Secar cunha toalla de papel desbotable



Este proceso debe levar entre 40 e 60 seg

Adaptado de NHS e World Health Organization Guidelines on Hand Hygiene in Health Care

ANEXO 3

ENQUISA CLÍNICO-EPIDEMIOLÓXICA COVID-19

NOME E APELIDOS:				
TELEFONO CONTACTO:	DATA:			
Presentou nas últimas 2 semanas?				
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Tose seca	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Dificultade respiratoria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Dor muscular	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Falta de olfacto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Falta de gusto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Diarrea	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
CONVIVIU nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

A interpretación dos resultados da enquisa realizarase tendo en conta os criterios clínicos epidemiolóxicos. Tendo en conta a definición do Ministerio de Sanidade de caso sospeitoso por SARS-CoV-2 (calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Outros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, diarreas, dor torácico ou cefaleas, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico. De presentar calquera destes outros síntomas valorarase o contexto epidemiolóxico.